

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

**Astroloxía/
Meteoroloxía**

Conxuros contra a néboa

Érguete nebra,
puta da serra,
filla dun can
e dunha cadela;
aí vén san Xuán
co seu burro ruán
ai, que te mata
ai, que te papa
ai, que te leva
ó fondo do mar
a secar.

[Versión oral aportada por Anxo FERNÁNDEZ OCAMPO, Vilaeimil, A Pontenova (Lugo)]

Levántate, nebra,

D'o mar e d'a terra
Qu'ehí ven San Martiño
C'o seu ramalliño,
Chorando e debodando
Que t'ha de matar,
Cortach'a cabeza
E tirala ao mar.

[LENCE-SANTAR, E.; Etnografía Mindoniense, (edición de Armando REQUEIXO
) , Follas Novas, Santiago de Compostela, 2000, p. 90]

BIBLIOGRAFÍA

REIGOSA CARREIRAS, A. «Andando a Terra Chá. A propósito dun apólogo popular: A Néboa e a Vergonza», en Manuel María, Asociación Cultural Xermolos, Guitiriz, (Lugo), 2001.